



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/11/2011.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.
- D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.
- D. Xosé López Gudín.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e seis minutos do día cinco de novembro de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vintedous de outubro do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA Á PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Pola concelleira de igualdade, Sra. Breijo, procédese á lectura da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do pasado día 25 de outubro e que literalmente di:

“A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres



San Sadurniño

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

e homes na nosa sociedade, poñendo de manifesto que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O Parlamento de Galiza no ano 2007 deu un paso moi importante nesta dirección ao aprobar unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademais o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno do PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, é máis, parece considerar prescindíbeis e superfluas a maior parte das accións preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara á erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se adican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifesto a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto.

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres, puñamos de manifesto esta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademais moitas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, nas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados, directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa escusa da austeridade, mentres os cartos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención, estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero. .

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.
2. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.
3. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro amósase conforme co contido da moción, o mesmo que o Sr. Márquez, que di tamén que, aínda que se avanzou moito no camiño da igualdade, aínda quedan cousas por facer, especialmente para rematar coa lacra da violencia contra as mulleres, e que non se deben facer recortes nese ámbito.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación ó contido da moción de que se trata.

TERCEIRO. APROBACION INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 02/2011.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de modificar o crédito disponible nunha partida do presuposto do presente exercicio 2011, mediante un suplemento de crédito, para incrementar a dotación do artigo 22, área de gasto 1, adicado a gasto corrente, fundamentalmente para o pago do consumo eléctrico dos últimos exercicios económicos, na cantidade de 200.000 euros, necesaria para cubrir o custe total deste subministro tras os incrementos experimentados nos últimos anos, cantidade procedente do remanente de tesoureiría do exercicio 2010.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica que os retrasos nos pagos débense a incorreccións na facturación e á necesidade de examinar detidamente as características das facturas presentadas por parte da empresa asesora contratada a tal finalidade. Di tamén que se facturan periodos moi longos, de case dous anos nunha mesma factura, impedindo a corrección da parte desa facturación correspondente á enerxía reactiva, polo que hai convocada unha xuntanza cos responsables da empresa CHC, titular da maior parte da facturación pendente, na que se negociarán posibles reducións e aprazamentos do pago da débeda pendente.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que se a operación é necesaria para facer fronte á débeda pendente, contará co seu apoio, pero pon en dúbida a legalidade dos inxustificadas retrasos na facturación e solicita que se esixa das compañías subministradoras ou comercializadoras unha maior seriedade na xestión da súa facturación.

O Sr. López Loureiro tamén manifesta a súa conformidade coa proposta, e a súa confianza en que esta cuestión non teña repercusións negativas na prestación de ningún servizo público. O Sr. Alcalde di que non existe ese risco, porque non se pode interrompir o suministro para servizos públicos coa mesma facilidade que para particulares, explicando as consecuencias do retraso na facturación en relación coa corrección do custe da enerxía reactiva, e, a pregunta do Sr. López Loureiro, clarexa que o gasto anual do Concello en enerxía eléctrica está arredor dos 160.000 euros, sen que existan na práctica diferencias apreciables de tarifas entre as diferentes compañías do sector.

Sometido seguidamente o expediente de que se trata a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 02/2011, do Presupuesto do 2011, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante o remanente positivo de tesoureiría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

#### **Altas en Partidas de Gastos**

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
1 – 22	624.000	200.000	824.000

#### Altas en Partidas de Ingresos

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	107.100	200.000	317.100

2º.- Ordear a exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó cuarto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción sobre os recortes do plan concertado da Xunta de Galicia, presentada no rexistro do Concello con data do pasado día 31 de outubro.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como asunto urxente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.

A Sra. Muiño, concelleira de servizos sociais, resume o contido da moción, que literalmente di:

“O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galiza e a Administración do Estado, por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan Concertado cobre os custes seguintes:

- Persoal dos servizos sociais.
- Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.

Nestes días están a chegar aos concellos as resolucións deste Plan, cun recorte drástico e inxustificable nas achegas da Xunta de Galiza relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas, no Programa de Servizos Sociais Comunitarios e no Plan de Desenvolvemento Xitano.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP, na Xunta de Galiza vén de suprimir e recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao Plan Concertado obriga aos concellos a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos sociais municipais, e ao que hai que engadir outra grave problemática: o retraio no pagamento das partidas asignadas e comprometidas. Hai que destacar que no mes de outubro os concellos aínda non recibiron da Xunta de Galiza as subvencións do Plan Concertado, cando os concellos veñen realizando o gasto desde o mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012:

- Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.

- Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.

- Restabelecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.

3.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado."



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez interven para manifestar a súa conformidade co contido da moción, xa que o plan concertado é fundamental para manter o nivel de benestar, que se porá en perigo de aplicar este recorte, na liña do goberno da Xunta, sobre todo debido a que afectará os máis necesitados, á xente maior, que é quen máis precisa e utiliza os servizos sociais.

O Sr. López Loureiro di que tampouco está de acordo cos recortes en materia de servizos sociais, e explica que nunha recente reunión de alcaldes do PP coa conselleira Sra. Mato, explicouse que aínda que é preciso que todo o mundo se axuste o cinturón, se tratará de reducir o impacto dos anunciados recortes no plan concertado, facendo un novo plantexamento despois das eleccións. Di tamén que mentres non se pague a débeda do Estado coa Xunta nesta materia dos servizos sociais, non será posible asumir o nivel de gasto que ata agora existiu.

O Sr. Alcalde di que agradece ó Sr. López Loureiro eses intentos por disuadir á Xunta das súas intencións de aplicar recortes, pero que nos orzamentos presentados para o 2012 tamén se contempla a redución das previsións de gasto social en catro millóns mentres se incrementa a financiación para a ensinanza privada. Di que non hai máis buratos no cinturón de moita xente para poder apretar e que a modificación constitucional que se aprobou para limitar o déficit e os recortes suporán o despido de moitas mulleres, que son as que maioritariamente traballan na axuda no fogar, por parte de concellos pequenos que non poderán soportar o actual nivel de gasto sen axudas, aínda que aquí non haberá despidos, que non se pode facer máis con menos, que a Xunta debería incrementar os seus ingresos a conta dos ricos e que a Fegamp debería protestar contra esta medida, porque o servizo non se pode deixar de prestar e porque a Xunta sabe que coa axuda no fogar municipal aténdese a moitos dependentes ós que debería atender ela.

O Sr. López Loureiro di que non se reducirá o numero de beneficiarios, aínda que pode que algúns deles teñan que pagar algo máis, sempre na medida das súas posibilidades, e que na xuntanza coa conselleira formulouse o compromiso de non reducir persoal.

O Sr. Márquez di que, igual que nunha economía familiar, é preciso priorizar o gasto, e a parte máis débil e necesitada ten que ter garantido o seu nivel de ingresos e prestacións.

A Sra. Muiño di que o que se comunicou ós concellos é unha resolución, non unha circular, que se a Xunta a deixa sen efecto atenderíase ó solicitado no punto 1º da moción, e que a Consellería sabe moi ben que o servizo seguirá porque os concellos asumirán maiores gastos para que así sexa, e non pode garantir que non haberá despidos porque o persoal depende dos concellos e non da Xunta, e remata decindo que o copago do servizo en función dos niveis de renda xa existe, e que aínda que non é un servizo de competencia municipal, non soamente o teñen que prestar os concellos senon que ademáis o respaldo da Xunta é nulo.

O Sr. Alcalde remata decindo que a intención do grupo de goberno é presentar o acordo de aprobación desta moción dentro dos dez días habilitados pola resolución que se comunicou ós concellos para a formulación de alegacións e recursos.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Sometida de seguido a votación ordinaria a moción de que se trata, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda a súa aprobación.

Toma a palabra seguidamente o Sr. Soto, para propoñer a inclusión doutro punto con carácter de urxencia na orde do Día da presente sesión: unha moción relativa ós orzamentos da Xunta para 2012, presentada no rexistro do Concello hoxe mesmo.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos concelleiros do PP e o do PSOE, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA. SEGUNDO. MOCIÓN RELATIVA AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2012.

O Sr. Soto explica brevemente o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“O Proxecto de Lei de Orzamentos para o ano 2012, ven marcado por novos recortes na capacidade real de gasto da Xunta de Galiza. En contra do discurso oficial de aparente recuperación, consolídase o drástico recorte practicado nos exercicios 2009 e 2010, e agrávase con novas restricións de gasto.

A Xunta non esgota o límite de gasto non financeiro aprobado por lei (cos votos únicos do PP) hai escasamente un mes, establecido en 9.172 Millóns de Euros, aplicando un recorte adicional de 36,7 Millóns.

As políticas económicas sectoriais e de apoio ao desenvolvemento económico e empresarial son as máis castigadas en termos absolutos, soportando recortes de máis de 142 Millóns de Euros a respecto de 2011. Neste grupo, as políticas de apoio ao desenvolvemento empresarial son as que máis sufren, con recortes superiores ao 40% e con rebaixas superiores aos 131 Millóns.

As políticas de promoción de solo para actividades económicas fican con menos da metade da dotación inicial do ano 2011. O recorte do 50,13% deixa a promoción de solo industrial con pouco máis de 4 Millóns de Euros, sendo esta política, de lonxe, a máis castigada desde a chegada de Feijóo ao Goberno, acumulando recortes superiores ao 80% a respecto das dotacións iniciais de 2009. Recortes que afectan tamén directamente ao noso concello ao non recollese, no proxecto de orzamentos, ningunha partida específica para o desenvolvemento do parque empresarial de San Sadurniño, como así acontecía en anualidades anteriores.

O seguinte grande grupo de recortes prodúcese nas políticas sociais, con minoracións que superan os 62 Millóns de Euros. Sanidade e Educación suman 28 Millóns máis aos 400 Millóns xa recortados nos dous exercicios anteriores.

As políticas de promoción de emprego redúcense un 4,28%, algo máis de 15 Millóns de Euros, e xa suman 81,6 Millóns de Euros os recortes acumulados desde o 2009.





**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

As políticas de acceso á vivenda acumulan recortes próximos aos 122 Millóns de Euros desde o 2009, un 57,8%. Para o vindeiro ano, fican reducidas en 8,6 Millóns, un 8,87% menos.

As políticas medioambientais minóranse en perto de 20 Millóns, un 12,72% e a ordenación do territorio propiamente dita, sofre recortes porcentuais aínda superiores, un 16,75%, máis de 5 Millóns de Euros. Esta é unha das políticas que acumula recortes próximos ao 50% desde o ano 2009.

O desenvolvemento de infraestruturas redúcese en casi 24 Millóns, lastrando o investimento público.

En política lingüística recortan outro 10%, e xa forma parte do grupo de políticas reducidas a menos da metade dende o ano 2009, acumula recortes do 54,16%.

Con estas contas, o Goberno Galego aspira a acadar no ano 2012, unha taxa de paro do 16,4% en Galiza, o que equivale a condenar ao desemprego a máis de 215.000 galegos/as.

Cando chegou Feijóo ao Goberno, segundo a EPA, a taxa de paro era do 12,2%, hoxe é do 16,75%.

Nos dous últimos anos, Galiza está entre as cinco Comunidades Autónomas con peor evolución da taxa de paro no conxunto do Estado.

Polo que a Ferrolterra respecta hai que salientar que nos investimentos previstos pola Consellaría de Economía e Industria non figura por ningures a presunta aportación da Xunta para a construción do dique flotante. É dicir, non ten ningunha previsión de gasto por parte da Xunta, e isto despois de que nun debate parlamentar, unha deputada do PP anunciou que a aportación da Xunta sería segundo as posibilidades orzamentarias da Xunta, que como se pode comprobar son ben cativas.

Tampouco nos podemos esquencer do corredor da costa. Nos Orzamentos deste ano 2011, figura unha previsión para o 2012 de 13 Millóns para o treito de A Coruña e 26,7 Millóns para o de Lugo. Na proposta actual só figuran 5,5 Millóns para A Coruña e outros 5,5 para Lugo.

Hai que destacar tamén que para este ano 2011 figuraban, no Plan Director do Hospital Arquitecto Marcide, 600.000 Euros rebaixándose agora esa cantidade a 68.440 Euros. É dicir, unha baixa do 88,5%.

No caso do noso concello, as contas só prevén un investimento de 16.037 euros para "zonas verdes para transportistas" e unha cantidade de 55.000 euros para "posta en valor de recursos culturais". Hai obras de vital importancia para o futuro, que debido ao seu alto custe ou por non ser de competencia municipal, non poden ser sufragadas con cargo aos orzamentos municipais (parque empresarial, escola infantil, actuación no castelo de Naraío, millora da capa de rodadura da AC-861 entre Igrexafeita e Espiñaredo, saneamento da zona de Piñeiros. Unha simple ollada ao proxecto presentado permite comprobar que nengunha destas actuacións é unha prioridade para a Xunta nen para o PP, a pesar de que xa teñen constancia da urxencia e necesidade dalgunha delas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

1. Pleno do Concello insta ao goberno da Xunta de Galiza a que inclúa nos orzamentos galegos do ano 2012, as cantidades necesarias para executar as obras que se relacionan:

- Parque empresarial de San Sadurniño
- Construcción dunha escola infantil
- Actuacións de consolidación do castelo de Naraío
- Saneamento da zona de Piñeiros
- Millora da capa de rodadura da AC-861 entre Igrexafeita e Espiñaredo

2. Enviar o presente acordo á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, á Consellaría de Cultura e Turismo, á Consellaría de Traballo e Benestar e aos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego.”

O Sr. Márquez interven para dicir que está de acordo co contido da moción e que é preciso esixir da Xunta o cumprimento dos seus compromisos, xa que non se incentiva en absoluto a actividade económica con recortes, que resultan negativos para a economía galega.

O Sr. López Loureiro di que están de acordo co expresado na moción e que tratarán de defender o seu contido, aínda que lle parece difícil. Di tamén que todas as actuacións solicitadas son importantes, aínda que pode que a do castelo de Naraío teña que agardar un pouco máis.

O Sr. Alcalde toma finalmente a palabra para dicir que non basta con que as cousas figuren nos orzamentos, pero é importante, e no da Xunta para 2012 non figura ningunha escola infantil, e que presentaránse emendas polo BNG no sentido da moción que se debate, de modo que dependerá dos deputados do PP que poidan saír adiante. En relación co saneamento do Outeiro, di que existen compromisos reiterados por parte de diversos cargos do PP, e que non se pode dicir agora que non hai cartos, cando xa existe un proxecto pagado polo Concello. En canto ó Castelo de Naraío, di que se non se remata o investimento necesario para que alomenos poida ser visitado, o feito ata agora podería resultar contraproducente, e que se cedeu á Xunta para a súa devolución nunhas determinadas condicións.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación ó contido da moción de que se trata.

#### CUARTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,